

ción infantil e dos colexios de educación primaria, así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, esta consellería

DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación específica do seguinte centro:

Provincia: Pontevedra.

Concello: Pontevedra.

Código: 36013837.

Denominación anterior: Escola de Educación Infantil Os Campos.

Nova denominación: Escola de Educación Infantil Fina Casalderrey.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 25 de xaneiro de 2010 pola que se autoriza o cambio de denominación do Instituto de Educación Secundaria Fogar Provincial Príncipe Felipe de Pontevedra.

Tendo en conta o disposto no artigo 3.1º e 2º do anexo do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, esta consellería

DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación específica do seguinte instituto:

Provincia: Pontevedra.

Concello: Pontevedra.

Código do centro: 36006419.

Denominación anterior: Instituto de Educación Secundaria Fogar Provincial Príncipe Felipe.

Nova denominación: Instituto de Educación Secundaria Montecelo.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 25 de marzo de 2010 pola que se convocan probas libres de títulos dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, que foron obxecto do proceso de acreditación de competencias.

O Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 18.2º que a implantación das titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional e dos respectivos novos currículos comezará no ano académico 2007-2008 e deberá completarse dentro do prazo de aplicación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sen prexuízo da súa actualización permanente, de acordo coas exixencias do Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional.

No número 3 do devandito artigo establécese que entanto que non se produza a implantación regulada no punto anterior seguirán vixentes as titulacións e os currículos derivados da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

A Orde do 23 de abril de 2007 regula o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria puxo en marcha de xeito experimental procesos de recoñecemento, avaliación, acreditación e rexistro da competencia profesional, ao abeiro do Real decreto 942/2003, do 18 de xullo, polo que se determinan as condicións básicas que deben cumprir as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica, realizando convocatorias deste procedemento, e ao abeiro da Orde do 25 de febreiro de 2008 e da Orde do 1 de setembro de 2009 pola que se convocan unidades de competencia e prazas para o recoñecemento, a avaliación, a acreditación e a certificación da competencia profesional, e se determina o correspondente procedemento experimental.

Como consecuencia da entrada en vigor dos novos títulos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en substitución dos establecidos pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e da necesidade de lles ofrecer ás persoas adultas que teñan acreditadas unidades de competencia recollidas nun título de formación profesional a posibilidade de obter un título de formación profesional correspondente, procede convocar a realización de probas libres de módulos profesionais de ciclos obxecto de procesos experimentais de acreditación de competencia levados a cabo pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co fin

de lles permitir a estas persoas a finalización dos estudos e a obtención da titulación.

Por todo o anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso das competencias que lle confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer en centros públicos a realización dunha convocatoria de probas libres para a obtención de títulos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, que foron obxecto de procesos experimentais de acreditación de competencias convocados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co fin de lles permitir lograr a titulación ás persoas que teñan acreditadas unidades de competencia en virtude das convocatorias realizadas para tal fin na Comunidade Autónoma de Galicia.

A relación de ciclos formativos para os que se convocan probas libres de módulos profesionais no curso académico 2009-2010 e a dos centros públicos en que se realizarán as devanditas probas figuran no anexo I desta orde.

A convocatoria terá lugar no mes de xuño de 2010.

Poderán ser obxecto de avaliación nas devanditas convocatorias todos os módulos profesionais dos ciclos formativos que figuran no anexo I desta orde, agás o de formación en centros de traballo (FCT), que poderá ser obxecto de exención segundo se regula no artigo 8º desta orde.

2. As persoas que, logo de rematada esta convocatoria, teñan aínda módulos pendentes diferentes ao de FCT e que desexen finalizar os seus estudos poderán matricularse no título correspondente ou, de ser o caso, nas ensinanzas do título equivalente establecido ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para o que se aplicará o réxime de validacións de módulos establecido no real decreto correspondente.

No caso do réxime ordinario, a matrícula formalizarase no curso que corresponda en función do cumprimento dos requisitos de promoción.

Artigo 2º.-*Lugar e prazo de presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes de inscrición para participar nas probas libres obxecto desta orde presentaranse nas secretarías dos centros públicos designados para cada ciclo formativo, que se determinan no anexo I, no prazo comprendido entre o 10 e o 20 de maio de 2010.

2. Os modelos de solicitude axustaranse aos establecidos nos anexos II e III desta orde para ciclos de

grao medio e superior, respectivamente. Xuntarase a documentación acreditativa que corresponda.

Os centros farán pública no taboleiro de anuncios a relación provisional de persoas admitidas no prazo máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo correspondente. Poderase presentar reclamación no prazo máximo de tres días hábiles.

A relación definitiva de persoas admitidas publicárase o día 4 de xuño de 2010 nos taboleiros de anuncios dos centros.

Artigo 3º.-*Requisitos das persoas solicitantes.*

Para poderen acceder á realización das probas libres obxecto desta orde, as persoas aspirantes deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Cumprir os requisitos académicos de acceso directo ou mediante proba aos ciclos formativos correspondentes de grao medio ou superior, establecidos no artigo 41 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) Dispor dunha certificación acreditativa de módulos xa superados do título que se pretenda obter, ou ben certificación acreditativa de unidades de competencia relacionadas con el, obtidas mediante a participación en procesos de acreditación de competencia profesional realizados ao abeiro da Orde do 25 de febreiro de 2008 e da Orde do 1 de setembro de 2009 pola que se convocan unidades de competencia e prazos para o recoñecemento, a avaliación, a acreditación e a certificación da competencia profesional, e se determina o correspondente procedemento experimental, ou ben mediante a participaron en convocatorias de probas realizadas ao abeiro da Orde do 11 de febreiro de 2005, pola que se regulan as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Non estar matriculado no curso académico 2009-2010 nos mesmos módulos profesionais que os establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, nin, de ser o caso, nos módulos profesionais establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que os substitúan.

Artigo 4º.-*Elaboración, contido e estrutura das probas.*

1. En cada centro dos que se recollen no anexo constituirase unha comisión de avaliación formada polo profesorado dos departamentos correspondentes, que deseñará as probas para cada un dos módulos profesionais do ciclo formativo, agás o de formación en centros de traballo.

A devandita comisión estará presidida polo xefe ou a xefa do departamento da familia profesional á que pertenza o ciclo formativo.

2. As probas axustaranse aos currículos dos ciclos formativos obxecto desta orde, e abrangerán contidos teóricos e prácticos que permitan evidenciar, a través dos criterios de avaliación correspondentes,

se a persoa aspirante alcanzou os obxectivos específicos establecidos para cada módulo en relación cos obxectivos xerais do ciclo formativo.

3. A estrutura da proba, o procedemento e os criterios de avaliación deberanse publicar no taboleiro de anuncios do centro cunha antelación mínima de dous días con respecto ao comezo da realización das probas.

4. Cada módulo profesional será avaliado por un único membro do profesorado, que asinará as actas de avaliación correspondentes.

Artigo 5º.-Validación de módulos profesionais.

1. As persoas aspirantes admitidas para a realización das probas poderán ter dereito ás validacións de módulos profesionais de ciclos formativos aos que se fai referencia nas letras a), b) e c) do artigo 15 da Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.

2. As persoas que teñan acreditadas unidades de competencia de títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, obtidas segundo os procedementos establecidos nas citadas ordes, poderán solicitar a validación dos módulos profesionais asociados ante o director ou a directora do centro educativo en que realizaran o proceso.

3. Quen desexe solicitar a validación dalgún módulo profesional deberao facer constar expresamente no momento de presentar a solicitude de inscrición para as probas, para o que cumprirá xuntar a documentación que acredita o cumprimento dos requisitos exixidos para a obter. No caso de se tratar da validación de módulos profesionais por unidades de competencia presentaranse as certificacións obtidas segundo o modelo establecido para tal fin nas convocatorias específicas.

Artigo 6º.-Cualificación final das probas libres.

1. A expresión da cualificación final obtida por cada aspirante en cada un dos módulos profesionais realizarase nos termos previstos no artigo 12 da Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.

2. As persoas aspirantes poderán presentar reclamación contra as cualificacións finais alcanzadas en cada módulo no centro en que se realizaran as pro-

bas, consonte o procedemento establecido no artigo 20.2º da citada Orde do 30 de xullo de 2007. As reclamacións basearanse necesariamente nalgún dos aspectos recollidos no artigo 4º.3 desta orde.

Artigo 7º.-Certificación.

A superación das probas libres de módulos profesionais dará dereito a unha certificación individual por cada módulo superado, de acordo co establecido no artigo 18.2º da Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial. O modelo de certificación será o establecido no anexo XIII da devandita orde.

Artigo 8º.-Exención do módulo de formación en centros de traballo.

1. Para ter dereito á exención do módulo de formación en centros de traballo, cumprirá ter superado o resto dos módulos profesionais do ciclo formativo. A documentación para presentar é a que se especifica no artigo noveno da Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia. A exención da FCT resolverase logo de publicada a resolución das cualificacións definitivas do resto dos módulos profesionais.

Artigo 9º.-Titulación.

As persoas interesadas que superen todos os módulos profesionais dun determinado ciclo formativo poderán solicitar a expedición do título correspondente.

Nestes casos, os centros educativos realizarán a proposta de título polo réxime de proba libre.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Desenvolvemento normativo.

Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para desenvolver esta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Convocatoria de probas libres de módulos profesionais para a obtención de títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo

Relación de ciclos formativos obxecto de probas libres

Relación dos títulos desta convocatoria coas referencias legislativas correspondentes	Centro de realización das probas	Enderezo	Teléfono
Familia profesional: actividades agrarias. Ciclo formativo de grao medio: explotacións agrícolas intensivas. Real decreto polo que se establece o título: 1716/1996, do 12 de xullo (BOE do 13 de setembro). Decreto polo que se establece o currículo: 74/1999, do 11 de marzo (DOG do 8 de abril).	CIFP A Granxa	Rúa Areas, s/n (apdo. 7), 36860 Pontearreas (San Miguel) (Pontevedra)	986 64 00 68

Relación dos títulos desta convocatoria coas referencias lexislativas correspondentes	Centro de realización das probas	Enderezo	Teléfono
Familia profesional: actividades marítimo-pesqueiras. Ciclo formativo de grao medio: operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque. Real decreto polo que se establece o título: 725/1994, do 22 de abril (BOE do 24 de xuño), en consonancia co devandito Real decreto 676/1993. Decreto polo que se establece o currículo: 230/1997, do 30 de xullo, (DOG do 3 de setembro).	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico	Avda. Beiramar 55, 36202 Vigo	986 23 56 08
Familia profesional: actividades marítimo-pesqueiras. Ciclo formativo de grao medio: pesca e transporte marítimo. Real decreto polo que se establece o título: 724/1994, do 22 de abril (BOE do 24 de xuño), en consonancia co devandito Real decreto 676/1993. Decreto polo que se establece o currículo: 234/1997, do 30 de xullo (DOG do 11 de setembro).			
Familia profesional: comercio e márketing. Ciclo formativo de grao medio: comercio. Real decreto polo que se establece o título: 1655/1994, do 22 de xullo (BOE do 29 de setembro). Decreto polo que se establece o currículo: 234/2000, do 13 de setembro (DOG do 11 de outubro).	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	Avda. Castela, 64 (Caranza), 15406 Ferrol (A Coruña)	981 32 15 65
Familia profesional: comunicación, imaxe e son. Ciclo formativo de grao superior: son. Real decreto polo que se establece o título: 2036/1995, do 22 de decembro (BOE do 6 de febreiro de 1996).	IES Imaxe e Son	Rúa Somo, 6 15008 A Coruña	981 17 31 81
Familia profesional: edificación e obra civil. Ciclo formativo de grao medio: acabados de construción. Real decreto polo que se establece o título: 2211/1993, do 17 de decembro (BOE do 19 de febreiro de 1994). Real decreto 1411/1994, do 25 de xuño (BOE do 9 de agosto). Decreto polo que se establece o currículo: 217/2000, do 21 de xullo (DOG do 25 de setembro).	CIFP Porta da Auga	Avenida de Luarca, s/n 27700 Ribadeo	982 12 88 94
Familia profesional: edificación e obra civil. Ciclo formativo de grao superior: desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción. Real decreto polo que se establece o título: 2208/1993, do 17 de decembro (BOE do 19 de febreiro de 1994). Real decreto 1411/1994, do 25 de xuño (BOE do 9 de agosto). Decreto polo que se establece o currículo: 231/1997, do 30 de xullo (DOG do 5 de setembro).	CIFP A Farixa	Rúa finca Farixa, s/n, (Mariñamansa) 32005 Ourense	988 23 65 52
Familia profesional: electricidade e electrónica. Ciclo formativo de grao medio: equipos e instalacións electrotécnicas. Real decreto polo que se establece o título: 623/1995, do 21 de abril (BOE do 17 de agosto). Decreto polo que se establece o currículo: 240/1997, do 30 de xullo (DOG do 12 de setembro).	CIFP Politécnico de Santiago	Rúa Rosalía de Castro, 133 15706 Santiago de Compostela (A Coruña)	981 52 20 62
Familia profesional: fabricación mecánica. Ciclo formativo de grao medio: soldadura e caldeiraría. Real decreto polo que se establece o título: 1657/1994, do 22 de xullo (BOE do 27 de setembro). Decreto polo que se establece o currículo: 213/2000, do 21 de xullo (DOG do 15 de setembro).			
Familia profesional: hostalaría e turismo. Ciclo formativo de grao medio: coxíña. Real decreto polo que se establece o título: 2219/1993, do 17 de decembro (BOE do 11 de marzo de 1994). Decreto polo que se establece o currículo: 147/1999, do 23 de abril (DOG do 26 de maio).	CIFP Carlos Oroza	Montecelo, s/n 36161 Pontevedra	986 84 70 02
Familia profesional: hostalaría e turismo. Ciclo formativo de grao medio: servizos de restaurante e bar. Real decreto polo que se establece o título: 2221/1993, do 17 de decembro (BOE do 10 de marzo de 1994). Decreto polo que se establece o currículo: 283/1999, do 7 de outubro (DOG do 6 de novembro).	CIFP Compostela	Rúa Lamas de Abade, s/n, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña)	981 52 31 40
Familia profesional: imaxe persoal. Ciclo formativo de grao medio: perruquería. Real decreto polo que se establece o título: 629/1995, do 21 de abril (BOE do 21 de setembro). Decreto polo que se establece o currículo: 59/1999, do 18 de febreiro (DOG do 17 de marzo).	CIFP Somo	Somo, 6, 15008 A Coruña	981 28 22 00
Familia profesional: industrias alimentarias. Ciclo formativo de grao medio: elaboración de viños e outras bebidas. Real decreto polo que se establece o título: 2055/1995, do 22 de decembro (BOE do 16 de febreiro de 1996). Decreto polo que se establece o currículo: 347/1999, do 3 de decembro (DOG do 11 de xaneiro de 2000).	CIFP A Granxa	Rúa Areas, s/n (apdo. 7), 36860 Pontearreas San Miguel (Pontevedra)	986 64 00 68
Familia profesional: mantemento e servizos á produción. Ciclo formativo de grao medio: instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas. Real decreto polo que se establece o título: 2045/1995, do 22 de decembro (BOE do 13 de febreiro de 1996). Decreto polo que se establece o currículo: 254/2000, do 13 de setembro (DOG do 26 de outubro).	CIFP Fene	O Pazo 13-15, 15528 Fene (A Coruña)	981 36 03 00
Familia profesional: mantemento e servizos á produción. Ciclo formativo de grao medio: montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor. Real decreto polo que se establece o título: 2046/1995, do 22 de decembro (BOE do 12 de febreiro de 1996). Decreto polo que se establece o currículo: 90/1999, do 11 de marzo (DOG do 15 de abril).			
Familia profesional: mantemento de vehículos autopropulsados. Ciclo formativo de grao medio: electromecánica de vehículos. Real decreto polo que se establece o título: 1649/1994, do 22 de xullo (BOE do 26 de setembro). Decreto polo que se establece o currículo: 232/1997, do 30 de xullo (DOG do 9 de setembro).			
Familia profesional: mantemento de vehículos autopropulsados. Ciclo formativo de grao medio: carrozaría. Real decreto polo que se establece o título: 1650/1994, do 22 de xullo (BOE do 26 de setembro). Decreto polo que se establece o currículo: 333/1999, do 17 de novembro (DOG do 27 de decembro).	CIFP Valentín Paz Andrade	Estrada vella de Madrid, 160, 36214 Vigo (Pontevedra)	986 27 09 04
Familia profesional: sanidade. Ciclo formativo de grao superior: audioprótese. Real decreto polo que se establece o título: 62/2001, do 26 de xaneiro (BOE do 15 de febreiro).	CIFP Ánxel Casal-Montealto	Paseo Marítimo, 47 15002 A Coruña	981 21 01 12
Familia profesional: sanidade. Ciclo formativo de grao medio: farmacia. Real decreto polo que se establece o título: 547/1995, do 7 de abril (BOE do 5 de xuño). Decreto polo que se establece o currículo: 100/2000, do 31 de marzo (DOG do 9 de maio).			
Familia profesional: sanidade. Ciclo formativo de grao superior: laboratorio de diagnóstico clínico. Real decreto polo que se establece o título: 539/1995, do 7 de abril (BOE do 3 de xuño). Decreto polo que se establece o currículo: 595/2005, do 29 de decembro (DOG do 18 de xuño de 2006).			
Familia profesional: servizos socioculturais e á comunidade. Ciclo formativo de grao medio: atención sociosanitaria. Real decreto polo que se establece o título: 496/2003, do 2 de maio (BOE do 24 de maio).			



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NAS PROBAS LIBRES DE MÓDULOS PROFESIONAIS DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED517E	DOCUMENTO SOLICITUDE
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF	DATA DE NACEMENTO
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)				
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL

EXPÓN

- Ter dezaioito anos de idade ou cumprilos no ano natural en que se realicen as probas.
- Que cumpre o requisito de acceso (marque cun X a opción correspondente):
- DIRECTO POR:
- Graduado en ESO. Técnico auxiliar. Técnico. Segundo curso de BUP. 2º curso do 1º ciclo experimental REM.
- Das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos: 3º curso do plan de estudos de 1963 ou 2º curso de comúns experimental.
- MEDIANTE PROBA:
- Proba de acceso aos ciclos formativos. PAU para maiores de 25 anos.
- Que non cumpre o requisito xeral de acceso (unicamente no caso de que a convocatoria permita presentarse sen os requisitos de acceso).

XUNTA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA (MEDIANTE FOTOCOPIA COMPULSADA)

- DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade doutro Estado da Unión Europea.
- Certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez e ditame técnico facultativo (no caso de solicitar algún tipo de adaptación para realizar as probas).
- SE A PERSOA SOLICITANTE CUMPRE OS REQUISITOS XERAIS DE ACCESO:
- Certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título, se é o caso (acceso directo).
- Certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo (acceso mediante proba).
- Certificado da superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos (acceso mediante proba).
- EXPERIENCIA PROFESIONAL:
- Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- Certificado da empresa onde faga constar a actividade laboral e o número de horas dedicadas a esta (traballadores/as por conta allea).
- Certificado de alta no imposto de actividades económicas e xustificante do seu pagamento, se é o caso (traballadores/as por conta propia).
- SE A PERSOA SOLICITANTE XA TEN MÓDULOS SUPERADOS OU UNIDADES DE COMPETENCIA ACREDITADAS:
- Certificación acreditativa de módulos xa superados.
- Certificación acreditativa de unidades de competencia.

DECLARA

- Non estar a cursar no momento de inscrición ás probas as ensinanzas do mesmo ciclo formativo, con independencia do réxime (ordinario ou de persoas adultas).
- Ter formalizada a matrícula nalgún ciclo formativo diferente no ano académico 2008-09: SI NON

SOLICITA

- Validación de módulos profesionais. Exención do módulo de formación en centros de traballo. Adaptación da proba.
- Ser admitido/a para a realización das probas libres dos seguintes módulos:

CÓDIGO DO CENTRO		CÓDIGO DO CICLO FORMATIVO	
ORDE	CÓDIGO DO MÓDULO	ORDE	CÓDIGO DO MÓDULO
1		5	
2		6	
3		7	
4		8	
		9	
		10	
		11	
		12	

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 23 de abril de 2007 pola que se regulan o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior.

- Orde do 25 de marzo de 2010 pola que se convocan probas libres de títulos dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, que foron obxecto do proceso de acreditación de competencias.

FÁGOME RESPONSABLE DA VERACIDADE DOS DATOS RECOLLIDOS NESTA SOLICITUDE.
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

Director/a do centro



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO III

PROCEDIMENTO SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NAS PROBAS LIBRES DE MÓDULOS PROFESIONAIS DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO ED517F	DOCUMENTO SOLICITUDE
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF	DATA DE NACEMENTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)				
<input type="text"/>				
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

EXPÓN

- Ter vinte anos de idade (ou dezanove para quen estea en posesión do título de técnico), ou cumprilos no ano natural de realización das probas.
- Que cumpre o requisito de acceso (marque cun X a opción correspondente):
- DIRECTO POR:
 - Bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, de educación. Bacharelato LOXSE. Bacharelato experimental. Titulación universitaria ou equivalente.
 - Curso de orientación universitaria ou preuniversitario. Técnico especialista, técnico superior ou equivalente para efectos académicos.
- MEDIANTE PROBA:
 - Proba de acceso aos ciclos formativos. PAU para maiores de 25 anos.
- Que non cumpre o requisito xeral de acceso (unicamente no caso de que a convocatoria permita presentarse sen os requisitos de acceso).

XUNTA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA (MEDIANTE FOTOCOPIA COMPULSADA)

- DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade doutro Estado da Unión Europea.
- Certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez e ditame técnico facultativo (no caso de solicitar algún tipo de adaptación para realizar as probas).
- SE A PERSOA SOLICITANTE CUMPRE OS REQUISITOS XERAIS DE ACCESO:
 - Certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título, se é o caso (acceso directo).
 - Certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo (acceso mediante proba).
 - Certificado da superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos (acceso mediante proba).
- EXPERIENCIA PROFESIONAL:
 - Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
 - Certificado da empresa onde faga constar a actividade laboral e o número de horas dedicadas a esta (traballadores/as por conta allea).
 - Certificado de alta no imposto de actividades económicas e xustificante do seu pagamento, se é o caso (traballadores/as por conta propia).
- SE A PERSOA SOLICITANTE XA TEN MÓDULOS SUPERADOS OU UNIDADES DE COMPETENCIA ACREDITADAS:
 - Certificación acreditativa de módulos xa superados.
 - Certificación acreditativa de unidades de competencia.
- SE A PERSOA SOLICITANTE TEN DEZANOVE ANOS E UN TÍTULO DE TÉCNICO:
 - Depósito do título de técnico.

DECLARA

- Non estar a cursar no momento de inscrición ás probas as ensinanzas do mesmo ciclo formativo, con independencia do réxime (ordinario ou de persoas adultas).
- Ter formalizada a matrícula nalgún ciclo formativo diferente no ano académico 2008-09: SI NON

SOLICITA

- Validación de módulos profesionais. Exención do módulo de formación en centros de traballo. Adaptación da proba.
- Ser admitido/a para a realización das probas libres dos seguintes módulos:

CÓDIGO DO CENTRO	<input type="text"/>	CÓDIGO DO CICLO FORMATIVO	<input type="text"/>		
ORDE	CÓDIGO DO MÓDULO	ORDE	CÓDIGO DO MÓDULO	ORDE	CÓDIGO DO MÓDULO
1	<input type="text"/>	5	<input type="text"/>	9	<input type="text"/>
2	<input type="text"/>	6	<input type="text"/>	10	<input type="text"/>
3	<input type="text"/>	7	<input type="text"/>	11	<input type="text"/>
4	<input type="text"/>	8	<input type="text"/>	12	<input type="text"/>

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 23 de abril de 2007 pola que se regulan o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior.

- Orde do 25 de marzo de 2010 pola que se convocan probas libres de títulos dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, que foron obxecto do proceso de acreditación de competencias.

FÁGOME RESPONSABLE DA VERACIDADE DOS DATOS RECOLLIDOS NESTA SOLICITUDE.
 SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
	DATA DE EFECTOS
	<input type="text"/>
	DATA DE SAÍDA
	<input type="text"/>

Director/a do centro